



BOLETÍN DE INFORMACIÓN MUNICIPAL Nº 1/2026

Teléfono: 982364092

e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es

29/06/2026

VIAXES Á PRAIA

O Concello de As Nogais habilita un servizo de autobús para desprazarse ás praias coa seguinte programación:


DATAS	DESTINO
Domingo, 5 de xullo	VIVEIRO. Praia de Covas
Domingo, 12 de xullo	FOZ. Praia da Rapadoira
Domingo, 19 de xullo	CASTROPOL. Praia de Penarronda
Domingo, 9 de agosto	FOZ. Praia da Rapadoira
Domingo, 16 de agosto	VIVEIRO. Praia de Covas
Domingo, 17 de agosto	Miño. Praia de Miño

PRAZAS LIMITADAS SAÍDA: 9:00 h. da mañá da Praza de As Nogais.

A inscrición deberá realizarse nas oficinas do concello con data límite do venres anterior á saída de cada viaxe.

Máis información nas oficinas municipais. Teléfono 982364092.

O custe por persoa e día é de 10 € e deberán abonarse no momento da inscrición.



PISCINA MUNICIPAL



Dende o día 1 de xullo e en horario de 15:30 a 20:30 horas, permanecerá aberta ao público a PISCINA MUNICIPAL. A tarifa de uso das instalacións, regulada pola correspondente ordenanza fiscal, é a seguinte:

<i>ENTRADA DIARIA</i>	
<i>Entrada diaria menores de 10 anos</i>	GRATUITA
<i>Entrada diaria a partir dos 10 anos</i>	2 €
<i>ABONOS PARA TODA A TEMPORADA</i>	
<i>Abono familiar residentes</i>	36 €
<i>Abono familiar non residentes</i>	60 €
<i>Abono individual residentes (menor de 18 anos)</i>	18 €
<i>Abono individual residentes (a partir de 18 anos)</i>	24 €
<i>Abono individual non residentes (menor de 18 anos)</i>	36 €
<i>Abono individual non residentes (a partir de 18 anos)</i>	48 €

CURSOS DE NATACIÓN PARA NENOS E MAIORES: Todos os interesados en asistir aos cursos de natación deberán realizar a inscrición nas instalacións da piscina a partir do 1 de xullo en horario de 15:30 a 20:30 horas. Os grupos e os horarios dos cursos serán adaptados polo socorrista.

RECORDATORIO DE LIMPEZA DE PARCELAS ARREDOR DOS NÚCLEOS INCLUIDAS NAS REDES SECUNDARIAS DAS FAIXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (LPDCIF), ten como un dos seus obxectivos a loita contra os incendios no medio rural, integrando nel a prevención e a extinción, ademais da protección da poboación, das infraestruturas e das instalacións agrarias.

En virtude da mesma, e como xa é sabido por toda a veciñanza, establécese que **antes do 31 de maio** de cada ano as persoas propietarias de parcelas ubicadas nas faixas secundarias deben xestionar a biomasa vexetal nunha **franja de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable e arredor de edificacións e vivendas illadas**. Con carácter xeral, nesta franxa de 50 metros non poderá haber pinos, eucaliptos nin monte baixo, de tal xeito que as parcelas queden totalmente desprovistas de material combustible.

En caso de incumprimento transcorrido o devandito prazo, o Concello poderá proceder á execución subsidiaria con repercusión dos custos de xestión da biomasa aos propietarios e, se é o caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración, nas condicións establecidas no artigo 22.2 da Lei 3/2007, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda. A persoa titular do terreo ou do dereito de aproveitamento terá a obriga legal de facilitar o necesario acceso para a realización dos traballos de xestión de biomasa e retirada das especies arbóreas prohibidas, aínda que a execución subsidiaria poderá levarse a cabo sen consentimento da persoa titular.

Faise fincapé en que a lexislación prevé que a administración poderá repercutir os gastos de extinción dun incendio ás persoas responsables de non cumprir co deber de limpeza e xestión da biomasa vexetal nas distancias sinaladas, segundo o establecido na lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais e na lei 7/2012, de montes de Galicia e as súas modificacións.

Por todo o anterior, é de máximo interese para todos os veciños e veciñas do Concello de As Nogais que as fincas, montes e solares da súa propiedade se atopen nun axeitado estado de limpeza e coa masa vexetal rozada. Se ben este é un deber que teñen os propietarios dos terreos durante todo o ano, a partires destas datas cobra unha especial relevancia debido ao alto risco de incendios da época seca.

Os servizos técnicos do Concello de As Nogais están a disposición da veciñanza para a revisión das parcelas afectadas polas franxas secundarias así como para aclarar calquera dúbida sobre o procedemento.



CORREOS LLEGA A TU PUERTA

Servicios públicos sin salir de tu municipio



**Correos no solo reparte.
Facilitamos tu vida allí donde estés.
Sin importar donde vivas**

Ahora, tu cartero o cartera rural te acerca los principales servicios **directamente a tu domicilio.**



SERVICIOS POSTALES

- ✓ Envío de cartas y paquetes
- ✓ Cartas certificadas
- ✓ Sobres prefranqueados
- ✓ Paquetería Tarifa Plana
- ✓ Embalajes y sellos
- ✓ Solicitud de voto por correo



SERVICIOS A LA CIUDADANÍA

- ✓ Pago de recibos y tributos
- ✓ Pago de multas (DGT)
- ✓ Distintivo ambiental



SERVICIOS FINANCIEROS

- ✓ Ingreso y retirada de efectivo
- ✓ Correos Cash
- ✓ Otros



SEGUROS



Hogar



Salud



Vida



Decesos



Coche y moto

- ✓ Sin papeleo
- ✓ Atención rápida



OTROS SERVICIOS

- ✓ Lotería Cruz Roja
- ✓ Productos solidarios (UNICEF)
- ✓ Librería y merchandising



**Consulta a tu cartero o cartera rural
o infórmate en tu oficina de Correos.**